No Peirao

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

O BNG pide que o concello negocie a cesión dalgunha das case 3000 vivendas baleiras que hai en Ribeira para casos de emerxencia social extrema. PP e C's néganse

Unha das consecuencias máis dramáticas da emerxencia social é que a veciñanza do noso concello pode verse abocada a situacións de necesidade extrema. As vivendas cedidas poderían ser utilizadas para casos de desafiuzamentos, maltrato e violencia machista, xente sen teito... Ribeira foi un concello cun dos maiores auxes construtivos de Galiza e agora mesmo hai unha cantidade considerábel de vivendas baleiras cuxos propietarios son as entidades financeiras ou as empresas de construción. Cremos que é o momento para dotármonos, como concello, dunhas cantas vivendas para dar resposta a esas necesidades. Segundo a nosa opinión pódese facer dando cumprimento á Ordenanza Reguladora das Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Ribeira aprobada definitivamente no mes de febreiro.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicitou que o goberno municipal emprendara as accións oportunas para que o Concello de Ribeira teña solucións habitacionais propias para emerxencia social temporal, algo rexeitado por PP e Cidadáns.

Do mesmo xeito pedimos que se colabore coa Xunta de Galiza para promover e facilitar alugueiro de vivendas así como favorecer a rehabilitación de inmobles.

O ribeirense, Carlos Callón candidato ao Congreso do BNG-Nós. A voz d@s galeg@s en Madrid!

Callón nun acto no Ateneo Valle-Inclán.
Fonte: La Voz de Galicia

Carlos Callón naceu nos Areeiros en 1978 e, aínda que agora reside en Santiago de Compostela e traballa en Caldas de Reis, a maior parte da súa vida desenvolveuna como o que é, ribeirense. É coñecido por ser activista na defensa dos dereitos das persoas a vivirmos en galego, loita na que se involucrou sendo un mociño, alumno do IES Leliadoura, e que continuou até hoxe.

Que sexa escolleito deputado é bo non só porque a candidatura do BNG-Nós vai ser a que mellor represente os intereses das clases traballadoras galegas neste momento de emerxencia social e nacional, senón porque terá unha visibilidade e as posibilidades para facer chegar aos centros de decisión as problemáticas que o pobo ribeirense decidamos transmitirlle.

Crearase un rexistro de patrimonio local e de agasallos por iniciativa do Bloque

O traballo en favor da transparencia realizado polo BNG posibilitará que os veciños e veciñas do Concello de Ribeira poidan consultar na web todos os agasallos que poidan recibir os cargos públicos e persoal municipal e terán obriga de doalo se superan os 50€. Do mesmo xeito poderá consultarse na web todo o patrimonio artístico.

Reclamamos solución para as verteduras que prexudican o marisqueo

Un desaugadoiro situado na Insuela verte unha gran cantidade de agua producindo corrementos contínuos de area que tapan a zona do banco marisqueiro chegando ata alturas de mais de medio metro, facendo que a extracción de moluscos se transforme nunha tarefa ardua e dificultosa.

A acumulación de verteduras continuadas fai que haxa unha elevada mortaldade do marisco motivada polo exceso de agua doce, dado que é aí onde máis se concentra.

Esta situación non é exclusiva da zona da Insuela senón que se dá noutros puntos do municipio provocando un prexuízo máis a sumar aos xa abundantes problemas que sofren as xentes que viven do mar.

Melloras no acceso e estacionamentos do Hospital da Barbanza

Aprobada a iniciativa do BNG para mellorar o acceso lateral do centro hospitalario e aumentar o número de espazos para aparcar.

Solicitamos eliminar os postes das beirarrúas en Aguiño

Os postes da rúa Fr. Lorenzo Mariño obstaculizan o paso e impiden a accesibilidade. BNG e veciñanza reclamamos unha solución axeitada.